

# INTRODUCIÓN

Sabemos que facer co noso tempo libre? Pasan moi rápido as horas que estamos no colexio? Gustaríanos ter máis tempo libre? **Pingoriña e o tempo** é un precioso libro para deternos a pensar sobre o que facemos ao longo dun día e moitas cousas máis.

Aquí podes acceder a información adicional sobre **Pingoriña e o tempo, Roberto Aliaga** (autor) e **Mónica Gutiérrez Serna** (ilustradora). Tamén podes consultar a nosa páxina web **www.macmillan-lij.es**

# ANTES DE LER

## ACTIVIDADES COLECTIVAS



- ***Para que serve medir o tempo? Por que usamos reloxos? Coñecemos outros obxectos que nos axuden a medir o tempo?*** Propoñemos unha asemblea en gran grupo onde exporemos estas preguntas e deixaremos que os alumnos e alumnas expresen libremente as súas ideas.

- ***O noso desexo...*** Realizaremos un xogo en gran grupo. Cada alumno e alumna escribirá nun papel que faría se dispuxese de máis tempo. Meterémolos nunha bolsa e unha vez mesturados, repartirémolos de novo. Cada alumno terá que ler un desexo e descubrir que compañeiro o escribiu.

- ***Redacción: Se tiveses unha máquina do tempo, para que a utilizarías?*** Cada alumno escribirá unha redacción con este tema. Previamente sería oportuno manter un diálogo con todo o grupo sobre o tempo, que facemos con el?



XÉNERO: FÁBULA. ÁREAS: MATEMÁTICAS. TEMAS: VALORAR O TEMPO.

*© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia*

# DESPOIS DA LECTURA

## ACTIVIDADES COLECTIVAS

***Exercicio de expresión oral e escrita.*** En pequenos grupos, cada alumno describirase fisicamente ante o resto de compañeiros. Unha vez todos se describan, cada alumno redactará unha breve descrición física do señor Pingoriña.

***Escritura creativa... Ocórreseche outro final para o libro?*** Deixaremos que os nosos alumnos e alumnas redacten outro final. O obxectivo é que escriban libremente un pequeno texto nun tempo determinado.

***Actividade plástica:*** En gran grupo analizaremos as ilustracións do libro. Para iso introduciremos unha linguaxe visual: cores frías ou cálidas, formas xeométricas ou irregulares, formas abstractas...

Proporemos ao grupo que nos diga cál é a súa ilustración preferida. E a elaboración dun mural mediante a composición dunha colaxe a temática do cal é relacionada co tempo. Poderase utilizar calquera tipo de material reutilizable. Para iso dividiremos á clase en tres ou catro pequenos grupos (non máis de 6 alumnos por grupo).



© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia.



## FICHA 1.

**Que se lle ocorre a Pingoriña para solucionar o seu problema co tempo? Que consecuencias teñen esas decisións? Enche a seguinte táboa.**

| Ocorrencia | Consecuencia |
| --- | --- |
| 1ª ocorrencia: | A súa consecuencia foi: |
| 2ª ocorrencia: | A súa consecuencia foi: |
| 3ª ocorrencia: | A súa consecuencia foi: |
| Final | |



© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.



## FICHA 1. (MOSTRA PARA O DOCENTE)

| Ocorrencia | Consecuencia |
|---|---|
| 1ª ocorrencia: **Modificou o reloxo e agora tiña 16 horas en vez de 12.** | A súa consecuencia foi: **Traballou 4 horas máis (xa que había 4 números/ horas máis entre as doce e a unha). Ese día tivo 36 horas, un día moi longo.** |
| 2ª ocorrencia: **Quitou todos os números do reloxo.** | A súa consecuencia foi: **O tempo detívose e nada avanzaba.** |
| 3ª ocorrencia: **Puxo as doce horas moi xuntiñas e estirou a novena hora.** | A súa consecuencia foi: **A xornada de traballo pasou voando. Tiña moito tempo fóra do traballo; tanto tempo tiña que temeu que perdese o seu valor. A noite rematou antes de empezar, así que ninguén puido durmir nin descansar o necesario.** |

Final **Decidiu deixar as horas tal e como estaban.**

*© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.*



## FICHA 2.

**Ata onde sabes contar? Para que serven os números? Completa a seguinte táboa.**

| | |
|---|---|
| seiscentos dezaseis | |
| | 42 |
| mil trescentos | |
| | 212 |
| cincocentos | |
| | 24 |
| mil cento vinte e un | |
| | 79 |
| cincuenta e sete | |
| | 101 |
| | 2003 |
| vinte e sete | |

**Ordena de menor a maior os números da táboa:**

___<___<___<___<___<___<___<___< ___<___<___<___<



© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.



## FICHA 3.

**Elixe a palabra axeitada para que as seguintes frases teñan sentido e se correspondan co que relata o libro. Escribe outras frases coa palabra incorrecta donde se faga un uso correcto da mesma.**

1. **Cada dous por tres tiña aquel sono no que se vía a** ***sí / si*** **mesmo correndo detrás do tempo.**

___

___

2. **Estaba tan arrepentido, que de súpeto** ***pasóuselle / se lle pasou*** **o sono e foise á casa correndo.**

___

___

3. **E aínda que** ***pasara / pasará*** **o tempo e** ***el / él*** **seguise sin ter tempo, xamais se daba por vencido.**

___

___

4. **A quiosqueira, como tiña por costume, lle** ***falou / faloulle*** **do tempo.**

___

___

5. **Gato, agora** ***sí /si*** **que temos tempo.**

___

___



*© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.*



## FICHA 4.

**CANTAS HORAS! Calcula e responde ás seguintes preguntas.**



**1. Cantas horas ten un reloxo?**

______________________________________________

**2. E un día?**

______________________________________________

**3. Cantas horas ten unha semana?**

______________________________________________

**4. E o mes de maio?**

______________________________________________

**5. E o mes de setembro?**

______________________________________________

**6. E un ano?**

______________________________________________



*© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.*



## FICHA 5.

**Enche o seguinte recadro.**

Nacín o día ______ do mes ____________

do ____________.

Teño ________ anos.

Levo vividos _________________ días.

Ou o que é o mesmo:

levo vividas __________________ horas.



© das ilustracións: Mónica Gutiérrez Serna 2007. © Macmillan Iberia. Esta páxina pode ser fotocopiada para a súa utilización en clase.